

CORUÑA CORRE Circuíto de carreiras populares **VIII EDICIÓN 2020**



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
DEPORTE



REGULAMENTO

ÍNDICE

ORGANIZACIÓN	2
CIRCUÍTO E CATEGORÍAS.....	2
DESCUALIFICACIÓNS E RECLAMACIÓNS.....	7
CLASIFICACIÓNS E PREMIOS.....	8
CONDICIÓNS XERAIS, PUBLICIDADE E INFORMACIÓNS	11

ORGANIZACIÓN

Art. 1. ORGANIZACIÓN

O circuito está organizado polo Concello da Coruña e a Federación Galega de Atletismo (FGA), coa colaboración dos clubs de atletismo da cidade e de distintas entidades veciñais.

O **Comité Organizador** está composto por:

- Xefatura do Servizo Municipal de Deportes
- Xefatura do Departamento de Deportes
- 1 técnica/o municipal de Deportes
- 1 técnica/o municipal da Policía
- 1 técnica/o municipal de Mobilidade
- A Dirección Técnica da Federación Galega de Atletismo
- Unha persoa técnica deportiva de cada un dos clubs de atletismo da cidade implicados na organización das carreiras.
- A presidencia da asociación de veciños na proba correspondente do circuito.
- Unha persoa representante doutras entidades do barrio na proba correspondente do circuito.

CIRCUÍTO E CATEGORÍAS

Art. 2. CIRCUÍTO

O VIII Circuito Coruña Corre **iniciarase o 19 de xaneiro de 2020** coa V Carreira Popular de Matogrande e **finalizará o 22 de novembro de 2020** coa X Carreira Popular de Novo Mesoiro.

Está integrado por un total de **7 carreiras** (Ver o anexo I):

CARREIRA	DATA
V CARREIRA POPULAR MATOGRANDE	19/01/2020
X CARREIRA POPULAR TORRE DE HÉRCULES. #QUERÉMONOS VIVAS	28/03/2020
XIII BAIXADA POPULAR DE CROSS SAN PEDRO DE VISMA	10/05/2020
IX CARREIRA POPULAR OS ROSALES	24/05/2020
IX CARREIRA POPULAR VOLTA A OZA	13/09/2019
VIII CARREIRA POPULAR VENTORRILLO	25/10/2020
X CARREIRA POPULAR NOVO MESOIRO	22/11/2020

As distancias que se van percorrer, en cada caso, serán controladas e cronometradas polas xuízas ou os xuíces que designe a organización, utilizando, en calquera caso, un sistema de cronometraxe electrónico.

Publicarase en cada carreira o circuito que se vai percorrer para cada unha das categorías, así como as características básica do trazado e tipos de firme polas que transcorre cada un.

Os únicos vehículos que poderán seguir os probas serán os designados pola organización.

A organización do circuito resérvase o dereito de modificar os percorridos por causas de forza maior, así como de aprazar ou suspender a realización dalgunha proba, sen que exista dereito a reclamar ningunha compensación, parcial nin total, por parte das persoas inscritas, salvo que a suspensión afecte a máis do 50% do total de probas que integran o circuito.

Art. 3. CATEGORÍAS

Establécense as mesmas categorías segundo os regulamentos IAAF, RFEA, FGA, e promocionalmente engádesse a categoría Peques.

CATEGORÍAS MAIORES DE 18 ANOS TEMPADA 2020	
Sub 20	Nadas/os en 2001 e 2002
Sub 23	Nadas/os en 1998, 1999 e 2000
Sénior	Nadas/os desde 1997 ata 34 anos
Máster 1	De 35 a 39 anos cumpridos o día da primeira carreira do circuito
Máster 2	De 40 a 44 anos cumpridos o día da primeira carreira do circuito
Máster 3	De 45 a 49 anos cumpridos o día da primeira carreira do circuito
Máster 4	De 50 a 54 anos cumpridos o día da primeira carreira do circuito
Máster 5	De 55 a 59 anos cumpridos o día da primeira carreira do circuito
Máster 6	De 60 a 64 anos cumpridos o día da primeira carreira do circuito
Máster 7	A partir de 65 anos cumpridos o día da primeira carreira do circuito
Atletas con discapacidade*:	Nadas/os en 1998 e anos anteriores

Categorías de Máster: competirán na que lles corresponda por idade cumprida no comezo da primeira carreira que conforma o circuito e manterase a dita categoría ata a última proba. As persoas que se inscriban en calquera das carreiras do circuito acolleranse a esta mesma regra, co fin de que todas participen en igualdade de condicións.

CATEGORÍAS MENORES DE 18 ANOS TEMPADA 2020	
Sub 18	Nadas/os nos anos 2003/2004 Que cumpren durante o ano 17 e 16 anos.
Sub 16	Nadas/os nos anos 2005/2006 Que cumpren durante o ano 15 e 14 anos.
Sub 14	Nadas/os nos anos 2007/2008 Que cumpren durante o ano 13 e 12 anos.
Sub 12	Nadas/os nos anos 2009/2010 Que cumpren durante o ano 11 e 10 anos.
Sub 10	Nadas/os nos anos 2011/2012 Que cumpren durante o ano 9 e 8 anos.
Peques	Nadas/os nos anos 2013, 2014, 2015 e 2016 Que cumpren de 4 a 7 anos en 2020
Atletas con discapacidade*:	Nadas/os no ano 2016 e anteriores

Establécense tres modalidades para persoas con discapacidade:

- **Atletas en cadeira de rodas** que non teñan mecanismos nin engrenaxes que axuden a impulsar as ditas cadeiras. Tan só está permitido o impulso cos brazos sobre o aro adherido á roda. **Non se permitirá o uso de bicicletas de man ou *handbike*.**
- **Discapacidades visuais**
- **Discapacidades intelectuais**

As persoas que queiran participar en calquera das modalidades de discapacidade, terán que acreditar a dita circunstancia (discapacidade física, psíquica ou sensorial igual ou superior ao 33% certificada) nos prazos de inscrición que estableza o Servizo Municipal de Deportes, enviando un correo a carreiraspopulares@coruna.gal. A acreditación que se faga para o circuíto será válida para todas as carreiras que integran o dito circuíto. No caso de non seguir este procedemento, a súa participación puntuará na categoría xeral.

Art. 4. INSCRICIÓNS

Poderán participar atletas populares e federadas/os. A **inscrición** efectuarase a través da web www.coruna.gal/carreiraspopulares.

O prazo para inscribirse no circuíto comezará desde a data de publicación das presentes bases na web municipal, e **terminará ás 23.59 do domingo 22 de marzo**, data na que finaliza o prazo de inscrición para a 2ª carreira do circuíto, **X Carreira Popular Torre de Hércules**, que se realiza o 28 de marzo de 2020.

Todas as **persoas inscritas no circuíto deberán confirmar a súa participación en cada unha das carreiras**, para figurar na lista de participantes, puntuar nas clasificacións e contribuír así á seguridade, organización e unha mellor prestación de servizos. No caso de non confirmaren a súa participación, **non figurarán na lista de participantes da carreira, nin figurarán os seus tempos nin clasificacións**.

O prazo para confirmar ou inscribirse en cada unha das carreiras finalizará ás 23.59 horas do domingo anterior á data de realización de cada unha delas.

Para garantir a correcta aplicación do sistema de puntuación, **é imprescindible a inscrición con DNI para todas as categorías**, incluídas as categorías de menores, que permita a identificación de forma individual de cada participante, e poder atender as posibles incidencias que se poidan producir durante a realización do circuíto, e/ou na realización de cada unha das carreiras. **Para menores de 14 anos que non dispoñan de DNI**, a organización non poderá garantir a exactitude dos datos para os efectos de clasificacións e puntuacións nas diferentes opcións que contempla o regulamento.

Para a categoría **Peques**, o Comité Organizador resérvase o dereito de limitar estas inscricións se as razóns organizativas e de seguridade o requirisen.

As/os menores de idade non federados deberán inscribirse co consentimento expreso do pai/nai e/ou titor/a. No suposto de menores de idade federadas/os enténdese que a ficha federada implica este consentimento.

INSCRICIÓNS POR EQUIPOS

O **prazo máximo** para constituír e inscribir un equipo no circuíto **finalizará coa inscrición na 2ª carreira do circuíto (X Carreira Popular Torre de Hércules)**

Equipos mixtos:

Para as inscricións por equipos mixtos, terán que designar as/os corredoras/es que integran o equipo.

Considerarase equipo mixto aquel que teña entre as súas persoas integrantes participantes tanto masculinos como femininos, cun mínimo de 3 integrantes e un máximo de 4.

Equipos mixtos: categorías Sub 20, Sub 23, Sénior e Máster 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7.

Familias:

Considerarase unidade familiar a partir de 2 integrantes, e só a membros que estean na seguinte liña de parentesco: avós/avoas, pais/nais, netos/as, irmáns/irmás, fillos/as e parella.

Centro educativo:

Non é necesaria unha inscrición específica por centro educativo, senón que será suficiente con que a persoa participante indique, no formulario de inscrición, o centro e curso no que actualmente está matriculada.

Esta información terase en conta para os efectos da clasificación para o premio á modalidade de participación de centros educativos descrito no art. 9.

Art. 5. COTAS E CHIP

INSCRICIÓN AO CIRCUÍTO		
Concepto	Maiores de 18 anos en xeral	Persoas desempregadas, +65 anos e Carné Xove
Cota	10,00 €	7,00 €
Chip	12,00 € *	12,00 € *
Total	22,00 € *	19,00 € *
Inscrición e chip para menores GRATUÍTA		
<i>*Inclúe fianza de 6 €, que será aboada ao finalizar a última carreira do circuíto logo da previa devolución do chip</i>		

INSCRICIÓN A CADA CARREIRA (DE FORMA INDEPENDENTE)		
Concepto	Maiores de 18 anos en xeral	Persoas desempregadas, +65 anos e Carné Xove
Cota	2,00 €	1,00 €
Chip desbotable	2,00 €	1,00€
Total	4,00 € / carreira	2,00 € / carreira
Inscrición e chip para menores GRATUÍTA		

COTA:

Para as categorías Sub 20, Sub 23, Sénior, Máster 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7:

A cota de inscrición para participar no **circuíto** será de **10 €**. A cota para persoas desempregadas, maiores de 65 e posuidoras do Carné Xove é de **7 €**. Para acreditar estas circunstancias chegará cunha declaración responsable que se entenderá feita no momento que se marque no formulario de inscrición esta opción. Todo isto sen prexuízo de que o Concello poida facer comprobacións aleatorias a posteriori sobre a veracidade das ditas circunstancias.

Así mesmo para atletas que opten por inscribirse **individualmente nunha carreira** a cota será de **2,00 €** coa excepción de: persoas desempregadas, maiores de 65 anos e beneficiarias do Carné Xove que será de **1,00 €**.

En todos os casos, haberá que engadirlle a cantidade correspondente ao chip, a excepción de quen teña o chip en propiedade.

Para as categorías Sub 18, Sub 16, Sub 14, Sub 12, Sub 10 e Peques:

Para estas categorías, a **inscrición** no circuíto, así como a de cada carreira individual, **será gratuíta**.

CHIP:

É obrigatorio dispor de chip para participar, acceder ao sistema de cronometraxe e figurar nas clasificacións, e poderase elixir entre as opcións:

- **Compra do chip:** As/os participantes que se inscriban ao Circuito de Carreiras poderán adquirir o chip por un importe de **12,00 €**.
 - a) Unha vez que finalice o circuito, quen compre o chip para o Circuito Coruña Corre e o devolva recibirá un aboamento de **6,00 €**, no mesmo número de conta desde o que se efectuase o ingreso.
 - b) O prazo para a devolución de chips finalizará 2 semanas despois da última carreira do ano e o prazo do aboamento finalizará 3 semanas despois da última carreira do ano, X Carreira Popular Novo Mesoiro que se realizará o 22 de novembro de 2020.A perda do chip obrigará á adquisición doutro novo ou ao uso de chip desbotable. Todo iso, sen dereito a bonificación.
- **Uso de chip desbotable** (de uso exclusivo para cada unha das carreiras. Non é necesaria a fianza). Para participantes que non queiran comprar o chip para todo o circuito, poderán dispor dun para cada carreira que integra o circuito, ao prezo de **2,00 €** cada un. No suposto de que a persoa participante sexa maior de 65 anos, beneficiaria do carné xove ou estea en situación de desemprego o prezo do alugueiro será de **1,00 €**.
- **Ser propietaria/o dun chip.**

É obrigatorio o uso de chip para participar. Ademais permite puntuar no circuito, obter o tempo da carreira e a clasificación. A categoría Peques levará dorsal sen chip e participará en carreiras de promoción sen clasificación.

O chip, en propiedade ou alugado para todo o circuito, ten que ir correctamente atado nos cordóns das zapatillas ou cunha nocelleira á altura do nocello.

Os chips desbotables para cada unha das carreiras irán incorporados ao propio dorsal.

Art.6. DORSAIS

A inscrición ou, se for o caso, confirmación de participación en cada carreira dará dereito a un dorsal.

Para contribuír á seguridade e organización da carreira é **obrigatorio recoller o dorsal e, se é o caso, o chip para cada carreira.**

Para retirar o dorsal, todas as persoas participantes deberán acreditar a súa identidade á hora de recoller o dorsal e, de ser o caso, o chip, con calquera dos seguintes documentos oficiais:

- Federadas/os: poderá recoller os dorsais unha persoa representante da entidade deportiva que conte con autorización.
- Maiores de 14 anos: DNI ou outro documento oficial, ou licenza federativa
- Menores de 14 anos: DNI ou libro de familia, e DNI de pai/nai/titor/a

O dorsal é individualizado e exclusivo para cada unha das 7 carreiras que integran o circuito.

Cada dorsal levará inserido un código QR, único e personalizado para cada atleta, co que ao finalizar cada carreira cada participante poderá acceder aos seus tempos.

Facilitarase información detallada para cada unha das carreiras, das datas, lugares e horarios para a recollida dos seus correspondentes dorsais e chips.

DESCUALIFICACIÓNS E RECLAMACIÓNS

Art. 7. DESCUALIFICACIÓNS

A descualificación dun/unha atleta na proba supón, ademais de non optar aos premios da mesma, a non puntuación no circuíto en dita proba, tanto individual como do equipo. Pode ser polos seguintes motivos:

- Ñ Deterioración física. Nestes casos a decisión será tomada pola organización o día da proba a instancias dos servizos médicos da dita proba e a súa decisión será inapelable.
- Ñ Non levar o dorsal perfectamente colocado en toda a súa extensión (no peito durante todo o percorrido) ata a súa entrada á meta.
- Ñ Non atender as indicacións da organización ou xuízas/xuíces.
- Ñ Entrar fóra de horario de control previamente establecido, ou non realizar o percorrido completo.
- Ñ Non inscribirse na proba e participar nela con ou sen chip.
- Ñ Correr co dorsal ou chip doutra persoa. Ou con máis dun chip ademais do propio do/a corredor/a. Serán descualificadas ambas as persoas.
- Ñ As/os atletas federadas/os non poderán competir con outro club que non sexa o que figure na licenza correspondente. No caso de que se producise esta situación, a/o atleta será descualificada/o automaticamente.
- Ñ Por condutas antideportivas ou contra o medio ambiente.
- Ñ Realizar a inscrición alterando os datos de forma maliciosa.
- Ñ De equipos familiares e mixtos: aqueles equipos cuxas/os atletas vulneren as presentes disposicións regulamentarias poderán ser expulsados do circuíto, coa retirada de premios e puntuacións que obtiveran.

Art. 8. RECLAMACIÓNS

Establécese un prazo de 5 días hábiles a partir da realización da proba, para interpoñer calquera reclamación ou denuncia. A dita reclamación efectuarase por escrito ante o Comité Organizador.

Examinada a denuncia e se o Comité Organizador o estima oportuno, comunicaráselle á persoa interesada e daráselle o prazo improrrogable de 5 días hábiles seguintes á recepción para que esta conteste o dito trámite de alegacións e achegue cantas probas considere oportunas.

Unha vez transcorrido o dito prazo, con ou sen presentación de alegacións, o Comité Organizador propondrá unha resolución.

O Comité Organizador resérvase o dereito a actuar de oficio cando concorran causas excepcionais que así o aconsellen e o trámite será o mesmo que para as reclamacións ou sancións.

CLASIFICACIÓN E PREMIOS

Art. 9. CLASIFICACIÓN DO CIRCUÍTO

As clasificacións do circuítu e os seus premios serán para aquelas persoas que se inscriban especificamente no Circuíto. As persoas que participen en todas as carreiras, pero que non se teñan inscrito no Circuíto Coruña Corre, non formarán parte da clasificación de dito Circuíto.

Establécense as seguintes clasificacións ao finalizar o Circuíto:

INDIVIDUAIS:

- Por categoría -maiores e menores - (feminina e masculina)
- Absoluta (feminina e masculina)
- Clasificación Absoluta Compensada (feminina e masculina)
- Persoas con Discapacidade (feminina e masculina)

COLECTIVAS:

- Equipos Mixtos
- Familias
- Centros Educativos

CLASIFICACIÓN INDIVIDUAIS:

A puntuación de atletas de categorías **Sub 20, Sub 23, Sénior, Máster 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7**, corresponderase co **posto de chegada na clasificación xeral absoluta**, sempre que a carreira se realice de maneira conxunta, se non fora así, terase en conta a clasificación de cada carreira.

A puntuación de atletas das categorías **Sub 18, Sub 16, Sub 14, Sub 12 e Sub 10** corresponderase co posto de chegada **na clasificación de cada categoría**.

Para menores de 14 anos que non dispoñan de DNI, a organización **non** poderá garantir a exactitude dos datos para os efectos de clasificacións e puntuacións nas diferentes opcións que contempla o regulamento.

Para entrar na clasificación final do circuítu será obrigatorio terminar 6 do total das probas e, no caso de finalizar máis probas, descartaranse automaticamente os peores resultados.

A persoa vencedora de cada categoría será aquela con menor suma de puntos, e no caso de empate teranse en conta:

- a) O número de probas finalizadas
- b) O maior número de mellores postos
- c) A maior distancia en quilómetros percorridos
- d) No caso de empate xurdido polos puntos anteriores, para o desempate terase en conta o posto da última carreira.

Clasificación Absoluta Compensada:

En cada carreira publicarase unha clasificación por xénero compensada en función da idade e distancia da proba.

Sumando os 6 mellores postos de cada atleta, publicarase unha clasificación do circuítu compensada e aplicarase o mesmo criterio de desempate que na clasificación absoluta.

Clasificación para Persoas con discapacidade:

Participarán todas as persoas con discapacidade inscritas como tal no circuito, nas categorías propias definidas no art.3, cunha clasificación propia.

CLASIFICACIÓN COLECTIVAS:

Clasificación Equipos mixtos:

Para que un equipo mixto puntué nunha carreira será preciso que finalicen a carreira polo menos tres atletas do equipo. A puntuación do equipo nesa carreira será o resultado de sumar os puntos acadados polos/as tres mellores integrantes, en cada unha das súas categorías de idade e xénero.

Para que o equipo mixto puntué na clasificación final do circuito será necesario que o equipo puntuase en **6 carreiras como mínimo**. No caso de participar en máis probas, computaranse os **6 mellores resultados**.

O vencedor da clasificación de equipos mixtos será o que teña menor suma de puntos, e no caso de empate teranse en conta:

- a) O número de probas finalizadas
- b) O maior número de participacións individuais nas carreiras
- c) O maior número de mellores postos

Clasificación Familiar:

Para que un equipo familiar puntué nunha proba, será preciso que finalicen a proba polo menos dous/dúas atletas da unidade familiar, independentemente do sexo ou a categoría.

Na clasificación familiar, cada integrante do equipo obterá os mesmos puntos que o posto na clasificación por categorías. Puntuarán os dous mellores resultados.

Procederáse como indica o exemplo: Equipo familiar: un 3º na súa categoría; un 21º na súa categoría na que participe $(3+21)/2=12$ puntos suma o equipo.

Lémbrese que **a categoría Peques non puntúa**.

Para entrar na clasificación final do circuito cada equipo familiar deberá finalizar **6 probas**, computando en todo caso os **6 mellores resultados**.

O equipo vencedor da clasificación familiar será o equipo con menor suma de puntos, e no caso de empates terase en conta:

- a) O número de probas finalizadas
- b) O maior número de participacións individuais nas carreiras
- c) O maior número de mellores postos
- d) Equipos mixtos ou femininos sobre equipos masculinos

Clasificación participativa para centros educativos

Para a puntuación por centros educativos, terase en conta a participación das/os menores que na súa inscrición teñan indicado o centro e curso no que actualmente están matriculadas/os.

Trátase dunha clasificación basicamente participativa, na que cada atleta sumará un punto para o seu centro con cada participación. As/os alumnas/os inscritas/os que participen nesta categoría puntuarán tamén como individuais no club ao que pertencen, categoría individual e/ou equipo.

Teranse en conta **as 6 carreiras que teñan maior participación** das 7 que integran o circuito.

Art.10. PREMIOS

PREMIOS PARA CADA CARREIRA

- As tres primeiras persoas clasificadas en cada carreira das categorías Sub 10, Sub 12, Sub 14, Sub 16, Sub 18, Sub 20, Sub 23, Sénior, Máster 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 e Categorías de Discapacidade recibirán unha medalla no podio de premiación.
- Na categoría Peques, recibirán unha medalla de participación todas as persoas participantes ao chegaren á meta. Non subirán ao podio.
- Anunciarase por megafonía a localización e o momento no que as clasificacións de cada carreira estean colocadas ao público.
- As/os participantes premiadas/os, deberán situarse na zona próxima á entrega de premios cando por megafonía se anuncie o seu comezo, así como estar pendentes do momento en que se chame a cada unha das categorías.
- Exclusivamente poderán subir ao podio as persoas premiadas.
- As persoas responsables dos clubs que teñan constancia de que a/o atleta premiada/o non está presente deben comunicalo na zona de premiación, para evitar esperas innecesarias.
- As/os atletas que non se presenten á recollida do seu premio no momento da entrega, poderán perder o dereito a recollelo.
- Aquelas persoas que poidan alegar unha causa xustificada deberán poñerse en contacto co Servizo Municipal de Deportes nun prazo máximo de 15 días desde a realización da carreira, para acordar a entrega posterior do premio. Cumprido o dito prazo, entenderase que renuncian.

PREMIOS CIRCUÍTO

Con independencia dos trofeos e premios que a organización estableza para cada unha das carreiras integrantes do circuito, realizarase unha Gala de premiación do Circuito na cal se entregarán os trofeos correspondentes e cantos premios e obsequios correspondan, para iso fixarase unha data e lugar, do que se informará a través da web www.coruna/correraspopulares ou do correo electrónico facilitado no momento da inscrición.

Trofeos na gala: entregaráselles un **trofeo ás tres primeiras persoas clasificadas de todas as categorías, excepto a categoría Peques:**

INDIVIDUAIS:

- Por categoría –maiores e menores - (feminina e masculina)
- Absoluta (feminina e masculina)
- Clasificación Absoluta Compensada (feminina e masculina)
- Persoas con Discapacidade (feminina e masculina)

COLECTIVAS:

- Equipos mixtos
- Familias
- Centros educativos

Premios especiais: a organización poderá establecer tantos premios especiais como considere. Para iso, porase en contacto coas persoas destinatarias dos ditos premios con antelación.

Art. 11 CONDICIÓN XERAIS

- A organización resérvase a potestade de cambiar os percorridos definidos, probas convocadas ou propoñer a modificación das bases, circunstancias que lles serán comunicadas ás persoas participantes coa suficiente antelación.
- As/os atletas que estean sancionadas/os por dopaxe non poderán optar a trofeos, obsequios, nin a clasificación en ningunha das probas que compoñen o circuito, nin á clasificación final do circuito.
- Unha vez comezado o circuito non poderán realizarse cambios nos equipos e a/o atleta terá que terminar o circuito co equipo elixido na súa inscrición.
- A inscrición no Circuito de Carreiras Populares “Coruña Corre” non supón ningún dereito nin privilexio respecto ás condicións esixidas na convocatoria de cada unha das probas, polo que cada participante terá que aterse e aceptar as bases que regulen as competicións de cada unha das probas que o integran.
- Respecto a cada carreira, a organización publicará un anexo correspondente con toda a información concreta da dita carreira (horarios, distancias, entrega de dorsais e chips, servizos complementarios: gardarroupa, duchas etc.).
- En canto ao servizo de avituallamento, a organización asegurará a existencia de auga ou outros líquidos apropiados para a práctica deportiva, para todas as categorías, que estará localizado nun lugar visible despois da meta, segundo os regulamentos da FGA, RFEA e IAAF.
- Todas as persoas participantes no circuito, polo feito de participaren nunha carreira del, aceptan as presentes bases e a de cada unha das probas, e formalizan a inscrición con todos os dereitos e obrigas que lle corresponden. Esta condición é de idéntico cumprimento para as persoas inscritas a carreiras de forma illada.
- As persoas participantes que durante o transcurso dunha proba circulen fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin da carreira, consideraranse para todos os efectos usuarios normais da vía.
- Nestas carreiras pedestres, aínda que non son marchas paseo, un/unha atleta pode camiñar para se recuperar e continuar a súa carreira, pero se algunha persoa participante vai camiñando de forma continuada, e de tal maneira que poña en perigo a seguridade da proba, será retirada dela.
- Poderanse establecer tempos de corte nas carreiras do circuito que serán indicados especificamente.
- Coa inscrición, toda persoa participante, e se é o caso quen ostente a garda e custodia e a súa tutela, fai constar que non padece ningunha enfermidade que a incapacite para a práctica da carreira e que para este efecto realizouse o oportuno recoñecemento médico.
- Toda as persoas participantes inscritas e, no caso de menores de idade, o pai/a nai/titor/a, declaran que son certos os datos achegados. No caso que se detecte falsidade nos ditos datos a/o participante causará baixa sen dereito a devolución do importe aboadado.
- O Servizo Municipal de Deportes resérvase a facultade de interpretar e valorar as circunstancias concorrentes en cada caso.
- Estas carreiras están suxeitas ao Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, publicado no BOE núm. 306 do 23 de decembro do 2003 sobre a ocupación da vía pública, e Real decreto 849/1993, do 4 de xuño do 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes, incluídos os seguros obrigatorios deportivos.

- Todas as carreiras estarán subscritas ao seguro de responsabilidade civil do Concello da Coruña, regulado polo Real decreto 1507/2008, do 12 de setembro, para todos os vehículos municipais que interveñan no circuíto segundo a Disposición adicional segunda e demais normativa de aplicación.

Art. 12. PUBLICIDADE E INFORMACIÓN

Toda a publicidade e información oficial relativa ao circuíto, así como inscricións e clasificacións estará dispoñible na web: www.coruna.gal/carreiraspopulares. A organización non se fai responsable da información que poida existir en calquera outra web.

Mediante a inscrición, o/a corredor/a consente expresamente que os seus datos sexan utilizados polo Concello da Coruña para comunicacións sobre as súas actividades.

De conformidade co que establece o artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte do ficheiro denominado INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, do que o responsable do tratamento será o Concello da Coruña, dos que as finalidades e usos previstos serán os seguintes: xestión centralizada das instalacións deportivas municipais, das actividades impartidas nelas e do uso de instalacións.

Toda persoa participante, ao realizar a inscrición, acepta a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet, autorizando a toma de imaxes co fin de utilizalas para a promoción e difusión das ditas actividades, así como á utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte do Servizo Municipal de Deportes. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderán exercerse ante o Rexistro Xeral do Concello da Coruña (Praza de María Pita, 1) nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 de dita lei orgánica.

ANEXO I. CALENDARIO DE CARREIRAS 2020

V CARREIRA POPULAR
> MATOGRANDE **19/01/20**

X CARREIRA POPULAR
> TORRE DE HÉRCULES
#QUERÉMONOSVIVAS **28/03/20**

XII BA XADA POPULAR
DE CROSS
> SAN PEDRO DE VISMA **10/05/20**

X CARREIRA POPULAR
> OS ROSALES **24/05/20**

IX CARREIRA POPULAR
> VOLTA A OZA **13/09/20**

VIII CARREIRA POPULAR
> VENTORRILLO **25/10/20**

X CARREIRA POPULAR
> NOVO MESOIRO **22/11/20**

 **CORUÑA CORRE**
Círculo de carreiras populares
VIII EDICIÓN 2020

Naciches para correr? Hai lume nas túas zapatillas?

- ***Corre xunto a nós.***
- ***Corre no teu barrio.***
- ***Corre na túa cidade.***

As carreiras populares do noso círculo permítenlle participar a quen queira divertirse, desfrutar, facer deporte ou compartir quilómetros de amizade.

*Naciches para correr.
Inscríbete xa.*

Vémonos na meta!

Č21	Č10	Č42
Medio Maratón	Carreira Popular	Maratón Atlántica
16.02.20	26.04.20	04.10.20

Máis información en
www.coruna.gal/carreiraspopulares



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

